

**Acta núm. 12/2020.**  
**Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 20 de maio de 2020.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

Pablo Lago Sanmartín.  
Carlos Noya Pereira.  
María Rosa Romero Fariña.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 13,00 horas do 20 de maio de 2020, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello. Pola alcaldía expónse que advertiuse un erro na convocatoria, por omisión, debendo figurar un punto 5º) Vado Permanente, polo que se inclúe na orde día, para o seu debate e votación.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2020, DO 12.05.2020.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADES).
- 4º) LICENZAS DE OBRA MAIOR.
- 5º) VADO PERMANENTE.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 11/2020, DO 12.05.2020.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 12.05.2020, acta núm. 11/2020.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERGIO BUCETA MONTERO, na que comunica que vai facer obras interiores que non alteran a configuración arquitectónica do edificio, non producen unha variación esencial da composición xeral exterior, da volumetría, do conxunto estrutural, nin teñen por obxecto cambiar o uso, na vivenda sita en Vilas nº 1 – Bastavales, consistentes en:

- Revestimento dos paramentos verticais e horizontais.
- Colocación de falso teito e trasdosado de placas de xeso.
- Colocación de pavimento e alicatado.

A parcela (referencia catastral nº 6622802NH2462S0001MP) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1) e sitúase dentro da aldea de Vilas, incluída no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada como XBE6, e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 452,76 euros.
- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 517,33 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DE LAS NIEVES PADÍN SILVA, na que comunica que vai construír un peche no lugar de Lamiño (Brión), de aproximadamente 100 metros de lonxitude, segundo plano axunto á solicitude, en tres parcelas lindantes entre si, a base de filas de bloques de formigón e arame.

As parcelas (ref. Catastral nº15013A028000570000UK, 15013A028000540000UF e nº15013A028000560000UO) onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo apto para urbanizar, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto pola disposición transitoria primeira letra 2.b). A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- O peche, na parte que linda co camiño, situarase a 5 metros do eixo do vial, segundo o disposto no artigo 92.1 da Lei 2/2016, do solo de Galicia, e artigo 3.9.3 do PXOM.
- A parte de fábrica de bloques do peche non superará a altura de 1,50 metros e a altura total será como máximo 1,80 metros medidos desde a rasante natural do terreo.
- A fábrica de bloques será convenientemente revestida e pintada, segundo o disposto no artigo 3.9.3 do PXOM.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 73,58 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 138,15 euros.

**c)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS CAMPOS FERNÁNDEZ, na que comunica que vai instalar dous paraventos verticais dunha altura aproximada de 2,00 metros, na terraza do local sito na Avda. de Pedrouzos nº 9, destinado a cafetería.

A edificación onde se pretenden executar as obras, emprázase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano non consolidado en bloque aberto, séndolle de aplicación a ordenanza nº4 do PXOM (UNC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 16,00 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 80,57 euros.

### **TERCEIRO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (ACTIVIDADES).**

**a)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Pablo Ferreira Souto, que di actuar en representación de ÁLVARO RODRÍGUEZ CASAL, para o funcionamento da ampliación da actividade de explotación de gando vacún de leite, no lugar de Vioxo de Arriba, parroquia da Luaña, segundo proxecto redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristobal J. Vázquez Lamas, visado (20160318) no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra) o 17/03/2016.

A Sr<sup>a</sup>. Concelleira Cebal Gómez abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nela causa de abstención do artigo 23.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta o certificado final de obra asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Cristobal J.

Vázquez Lamas, visado (20200132) no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña – Pontevedra) o 27/02/2020, e realizada a visita de verificación e comprobación, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación previa efectuada e autorizar, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, o funcionamento da ampliación da actividade da nave dedicada a explotación de gando vacún de leite, en Vioxo de Arriba – Luaña.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 263,25 euros.

Total: 263,25 euros.

**b)** Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARCOS CAMPOS FERNÁNDEZ, para o funcionamento da ampliación da actividade de cafetería, no paseo de Pedrouzos nº 9.

Antecedentes:

1. Con data 11.09.2015, a Xunta de Goberno Local tomou coñecemento da comunicación efectuada e autorizou a apertura do establecemento dedicado a cafetería, situado no Paseo de Pedrouzos 9, local 3, Brión, segundo a memoria redactada polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede, e documentación complementaria presentada no Concello o 08/09/2015 (r.e. 3846).

2. Con data 13.05.2020 solicítase a ampliación da actividade co uso dunha terraza de 51,25 m<sup>2</sup>, ao aire libre, anexa ao establecemento e con acceso directo desde o local e desde a terraza anexa ao local 2, que non ocupa espazo ou vía pública.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que a terraza cumpre coas medidas de seguridade establecidas no DBSUA-1, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento da comunicación previa efectuada e autorizar, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a ampliación da actividade de cafetería en Paseo de Pedrouzos 9, local 3.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa de tramitación de licenzas de apertura de establecementos: 0,00 euros.

Total: 0,00 euros.

#### **CUARTO.- LICENZAS DE OBRA MAIOR.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por TOMÁS ZEDINEK, solicitando licenza para a instalación de dous invernadoiros de 24x8 metros cada un, segundo proxecto técnico, e documentación complementaria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, visado de data 25/06/2019 e 07/11/2019 (expte. nº CO-20190427).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº 9810312NH2491S0001ZT, atópase dentro de dúas categorías de solo, no lugar de Beca - Bastavales:

- Solo de núcleo rural para as áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRL-1):1.303 m2.
- Solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº9 do PXOM (NRL-2): 266 m2.

Os invernadoiros situaranse sobre a parte de parcela clasificada como solo de núcleo rural NRL-1.

A Xunta de Goberno Local, á vista da resolución do 03.04.2020 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural autorizando a intervención solicitada, (Expte. 3051/19), e dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto técnico e documentación complementaria redactada polo enxeñeiro técnico agrícola Rafael Señarís González, visado nº CO-20190427.

- Como garantía da urbanización do espazo de cesión, 16 m<sup>2</sup>., e que implica a pavimentación deste espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.

- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 16 m<sup>2</sup> destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 11 de maio de 2020.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 182,93 euros.

- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 278,96 euros.

**b)** Deuse conta dunha instancia presentada por Juan Antonio Millán Figueirido, que di actuar en representación de IRENE LÓPEZ SAMPEDRO e JOSÉ VICENTE CASTRO PUGA, na que solicita licenza para construír unha vivenda unifamiliar no lugar de San Salvador nº 36 – Bastavales, segundo proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17/04/2020 e 29/04/2020 (n.r.e.: 2001799).

A parcela onde se pretenden executar as obras, ref. catastral nº7522903NH2475S0001AL, está situada en solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 1 do PXOM (UC1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto de execución redactado polo arquitecto Juan Antonio Millán Figueirido, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 17/04/2020 e 29/04/2020 (n.r.e.: 2001799).

- Como garantía da urbanización dos terreos destinados a viais fora das aliñacións establecidas no planeamento, e a execución das conexións coas redes de servizo existentes (abastecemento, saneamento, pluviais e alumado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no Concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.
- Esta licenza non é válida para a actuación sobre os muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude a tales efectos.
- Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.
- Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do Concello no prazo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.
- Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos das persoas técnicas e directoras e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, número de plantas autorizadas e o número de expediente.
- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.
- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.
- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorsearse na vía pública.
- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.
- Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 3.000,00 euros.
  - Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 377,60 euros.
- Total: 3.377,60 euros.

#### **QUINTO.- VADO PERMANENTE.**

**a)** Deuse conta dunha instancia presentada por XOSÉ SIGNIORINI PÉREZ, na que solicita licenza municipal para a colocación dun vado permanente para o servizo ao garaxe dun local comercial sito en Avda. dos Ánxeles nº 27- Os Ánxeles.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola policía local, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a autorización para instalar o vado permanente, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

- Taxa por entrada de vehículos: 63,00 euros.
- Total: 63,00 euros.

O Sr. Alcalde declarou rematado o acto e a sesión foi levantada sendo ás 13,15 horas,

procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González